

Arquidiócese de  
Santiago de Compostela



Sínodo  
2021  
2024

fase  
continental


Por unha Igrexa sinodal  
comuñón | participación | misión

Estamos a percorrer este  
camiño sinodal na  
Arquidiócese de Santiago  
VEN connosco a



Guía de traballo en grupos sinodais  
**DOCUMENTO ETAPA CONTINENTAL**

Sínodo = camiñar xuntos



---

**"Fago unha chamada a todos os diocesanos, nenos, novos e adultos, a quen traballades na investigación e na docencia, no mar, na industria ou no campo, aos sacerdotes, membros de vida consagrada e laicos, e aos que vos sentides afastados da Igrexa, para que colaboredes na realización do Sínodo que é encontro de oración, reflexión e compromiso, fortalecendo a unidade na fe e a comuñón na Igrexa diocesana."**

**D. Julián Barrio,**  
**Homilía Misa de Apertura da fase diocesana do Sínodo 2021-2023**  
**17-X-2021**

---



# Traballo Fase Continental

- ▶ **Seguimos en Sínodo.** Agora na fase continental pídesenos de novo escoitarnos e escoitar ao Espírito e facer un discernimento comunitario nun clima orante, como na fase diocesana, a partir de tres preguntas. Convídasenos de novo a unha conversión misioneira que nos permita camiñar xuntos para anunciar o evanxeo.
- ▶ Para o **traballo en grupo** recoméndase adicar alomenos unha reunión a esta fase. Sendo necesaria unha previa lectura reflexiva e orante do **Documento da Etapa Continental** (en diante, DEC) a nivel persoal, e o posterior envío da síntese tras un diálogo fraterno na reunión.
- ▶ Podes facernos chegar esta **síntese**, cunha páxina como máximo, **ANTES do 13 de XANEIRO de 2023** a este enderezo: [sinodo21\\_23@archicompostela.org](mailto:sinodo21_23@archicompostela.org) poñendo o nome do grupo e a parroquia, asociación ou movemento que pertence.

## SESIÓN DE TRABALLO EN GRUPO:

### Documento da Etapa Continental

**1 ORACIÓN:** Abertos ao Espírito Santo, invocámolo rezando a oración da fase continental do sínodo: (Nº 14 do DEC)

*Señor, reuniches a todo o teu Pobo en Sínodo. Dámosche grazas pola alegría experimentada en quen decidiu poñerse en camiño, a escoita de Deus e dos seus irmáns e irmás durante este ano, cunha actitude de acollida, humildade, hospitalidade e fraternidade. Axúdanos a entrar nestas páxinas como en "terra sacra". Ven Espírito Santo: se ti o guía do noso camiñar xuntos!*

**2 Á ESCOITA do Espírito desde a PALABRA DE DEUS:**

O moderador invita a ler con actitude orante e reflexiva a varias persoas os textos do DEC Nº 25 e 27

- ▶ 25. É a un pobo que vive a experiencia do exilio a quen o profeta dirixe palabras que nos axudan hoxe a centrarnos no que o Señor nos chama a través da experiencia dunha sinodalidade vivida: «Alarga o espazo da túa tenda, estende os toldos da túa morada, non os restrinxas, alonga as túas cordas, reforza as túas estacas» (Is 54,2).
- ▶ 27. escoitadas hoxe, estas palabras de Isaías convidánnos a imaxinar á Igrexa como unha tenda, ou máis ben como a tenda do encontro que acompañou ao pobo na súa travesía polo deserto. Está chamada a expandirse, pero tamén a moverse. No seu centro está o tabernáculo, é dicir, a presenza do Señor. A firmeza da tenda está garantida pola solidez das súas estacas, é dicir, os cimentos da fe que non cambian, pero si poden ser trasladados e plantados nun terreo sempre novo, para que a tenda poida acompañar ao pobo no seu camiñar pola historia. Por último, para non afundirse, a estrutura da tenda debe manter o equilibrio entre as diferentes presións e tensións ás que está sometida. Esta metáfora expresa a necesidade do discernimento. Así é como moitas sínteses imaxinan á Igrexa: unha morada espazosa, pero non homoxénea, capaz de acubillar a todos, pero aberta, que deixa entrar e saír (cf. Jn 10,9), e que avanza cara ao abrazo co Pai e con todos os demais membros da humanidade.”

### 3 Á ESCOITA do Espírito desde QUEN FALA.

#### ▶ COMPARTIMOS as respostas ás preguntas N° 106 do DEC

Para proseguir este proceso de escoita, diálogo e discernimento, despois de ler o DEC en un clima de oración, a reflexión no grupo centrarase en tres cuestións. Priorizaremos e adicaremos máis tempo á terceira.

#### CUESTIÓN nº 1

- a) Que **intuicións** resoan máis fortemente coas experiencias e realidades concretas da Igrexa?
- b) Que **experiencias** parecen novas ou iluminadoras?

## CUESTIÓN nº 2

- a) Que **tensións** ou **diverxencias** substanciais xorden como particularmente importantes?
- b) Cales son as **cuestións e interrogantes** que deberían abordarse e considerarse nas próximas fases do proceso sinodal?

## CUESTIÓN nº 3

Mirando o que xorde das dúas preguntas anteriores:

Cales son as **prioridades**, os **temas recorrentes** e as **chamadas á acción** que poden ser compartidas coas outras Igrexas locais de todo o mundo?

- 4 ORACIÓN FINAL:** Rematamos orando ao Espírito Santo con toda a Igrexa. Damos grazas a Deus e invocámola súa axuda rezando a **oración do sínodo**:

*Estamos diante túa, Espírito Santo, reunidos no teu nome. Ti que es o noso verdadeiro conselleiro: ven a nós, apóianos, entra nos nosos corazóns. Ensínanos o camiño, móstranos como alcanzar a meta. Impide que perdamos o rumbo como persoas débiles e pecadoras. Non permitas que a ignorancia nos leve por falsos camiños. Concédenos o don do discernimento, para que non deixemos que as nosas accións se guíen por prexuízos e falsas consideracións. Condúcenos á unidade en ti, para que non nos desviemos do camiño da verdade e a xustiza, senón que na nosa peregrinaxe terreal nos esforcemos por alcanzar a vida eterna. Isto pedímoscho a ti, que obras en todo tempo e lugar, en comunión co Pai e o Fillo por sempre eternamente. Amén.*



**"A Igrexa avanza, camiña xunta, é sinodal.  
Pero sempre é o Espírito  
o gran protagonista da Igrexa"**

**Papa Francisco,  
Discurso do Santo Padre aos fieis en Roma o 18.IX.2021**

**#PorUnhaIgrexaSinodal**  
**#IgrexaEnCamiño**  
**#IgrexaQueEscoita**

**onde:**

Todos  
fomos  
convidados  
a  
participar

queremos  
escoitarche



ARQUIDIOCESE DE  
**SANTIAGO**  
DE COMPOSTELA